

I. OBXECTIVOS

O obxectivo principal da proba é verificar o coñecemento funcional da lingua alemá, isto é, o coñecemento gramatical e léxico no seu rexistro formal a un nivel medio. Igualmente, compróbanse a comprensión de conceptos e a capacidade para relacionar, analizar e sintetizar.

II. ESTRUTURA DO EXAME

1. A proba consistirá na comprensión dun texto sobre un tema actual e xeral (non especializado) dunha extensión media de 20 liñas.
2. A partir do texto proposto formularanse en alemán 4 exercicios que deben ser resolto obrigatoriamente en alemán, por escrito e sen axuda de dicionarios ou outros materiais didácticos.

III. TIPOLOXÍA DOS EXERCICIOS

1. No primeiro exercicio os/as alumnos/as deberán, primeiro, propor un título axeitado para o texto e, segundo, resumir coas súas propias palabras o contido do mesmo. O obxectivo deste exercicio é comprobar que os/as alumnos/as saben de que trata o texto e que demostren a súa capacidade de síntese. Este exercicio formularíase así:

Finden Sie einen geeigneten Titel für den Text und fassen Sie ihn dann mit eigenen Worten zusammen (zwischen 5 und 10 Sätze)

2. O segundo exercicio centrarase na comprensión das estruturas semánticas do texto. Os/as alumnos/as teñen que explicar o significado das expresións presentadas. Este exercicio formularíase así:

Erklären Sie folgende Ausdrücke auf Deutsch (Synonyme, Umschreibungen, Beispiel usw.)

3. Neste punto búscase que os/as alumnos/as fagan un exercicio de comprensión gramatical. Trátase de combinar o dominio das estruturas gramaticais e a comprensión. Este exercicio formularíase así:

Ergänzen Sie bei folgendem Text die fehlenden Wörter und Endungen

4. O cuarto exercicio está relacionado co texto proposto. O alumnado ten que expresar por escrito en alemán a súa opinión ou experiencia sobre a cuestión formulada, empregando para iso entre 60 e 100 palabras. Esta cuestión formularíase así:

*Was meinen Sie über...?
Wie ist Ihre Stellungnahme zu...?*

IV. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Puntuación das preguntas

- Primeiro exercicio 2.5 puntos

- Segundo exercicio 2.5 puntos
- Terceiro exercicio 2.5 puntos
- Cuarto exercicio 2.5 puntos

2. Criterios de corrección

Terase en conta a corrección gramatical, a riqueza do léxico e a coherencia na exposición.